

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS-HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE) E A ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CEGOS ESPAÑOIS (ONCE) PARA CONTRIBUIR Á INTEGRACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da Área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras-Hospital Universitario de Ourense) formalizaron o 18.01.2021 o convenio arriba referido coa Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), por un período de vixencia de tres anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír á integración das persoas con discapacidade e a unha mellora de atención ao devandito colectivo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Organización Nacional de Cegos (ONCE) é unha organización, que pretende a autonomía persoal e mellora da calidade de vida das persoas cegas ou con outra discapacidade.

O Servizo Galego de Saúde (Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) permitirá á Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), a venda dos seus produtos de lotería, así como do resto de produtos complementarios ofrecidos a través do terminal punto de venda da ONCE.

A ONCE comprométese a asesorar e formar, en materia de accesibilidade, a aqueles profesionais do Hospital Universitario de Ourense, que desexen dispor de pautas e estratexias necesarias, para afrontar os retos que supón atender ás necesidades específicas das persoas con discapacidade visual, usuarias dos servizos sanitarios.

O persoal da ONCE, estará debidamente formado e seleccionado por esta, para levar a cabo o obxecto do convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

